

**ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL DA XUNTA DE GALICIA, A AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA E REDES DE TELECOMUNICACIÓN GALEGAS RETEGAL, S.A. PARA A REALIZACIÓN DUN PROGRAMA DE INVESTIMENTOS PARA ESTENDER A COBERTURA POBOACIONAL E TERRITORIAL DA REDE DIXITAL DE EMERXENCIAS E SEGURIDADE DE GALICIA, E OPTIMIZAR A PRESTACIÓN DE SERVIZOS E APLICACIÓNS PARA AS ENTIDADES ADHERIDAS, COFINANCIADO CO FONDO EUROPEO AGRÍCOLA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (FEADER) NO MARCO DO PDR DE GALICIA 2014-2020**

Santiago de Compostela, en data segundo sinatura dixital,

**REUNIDOS**

Dunha parte, D. José González Vázquez, conselleiro do Medio Rural, que actúa por conta e en representación da Xunta de Galicia, nomeado polo Decreto 99/2018 do 26 de setembro (DOG nº 185 do 27 de setembro de 2019) en exercicio das atribucións conferidas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

Doutra parte, D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> del Mar Pereira Álvarez, directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, actuando en nome e representación de dita Axencia, en virtude das facultades que lle confire o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos.

E doutra parte, D. Miguel Rodríguez Quelle, director xerente de Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A. (RETEGAL), en nome e representación da mesma e facultado para este acto en virtude da súa condición de Apoderado, segundo consta en escritura outorgada polo Notario de Santiago de Compostela, D. Héctor R. Pardo García, o día 16 de xuño de 2015, co número 1.059 do seu Protocolo, e inscrita no Rexistro Mercantil de Santiago de Compostela, e facultado para este acto polo Consello de Administración da sociedade.



Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das súas facultades que para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas e

## EXPOÑEN

- I. Que, a Consellería do Medio Rural se estrutura segundo o Decreto 149/2018, do 5 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e se modifica parcialmente o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia.

Mediante o devandito Decreto se pretende o reforzo do ámbito rural, aos efectos de aproveitar a potencialidade deste sector estratéxico de Galicia, atendendo principalmente ás propias necesidades do sector e, en especial, na prevención e extinción de incendios, respecto da que a experiencia acumulada nos últimos anos, fai necesaria a creación dun centro directivo propio e independente da xestión forestal que acometa a defensa integral do monte en Galicia.

A Dirección Xeral de Defensa do Monte, ao abeiro do Decreto 149/2018, correspóndelle o exercicio das competencias inherentes ás medidas de prevención e defensa contra os incendios forestais.

Como órgano dependente da Dirección Xeral de Defensa do Monte, a Subdirección Xeral de Extinción exercerá entre outras, funcións encamiñadas á defensa dos montes contra os incendios forestais para o cal resulta fundamental contar cunhas óptimas redes de vixilancia (postos e cámaras) e redes de comunicacións.

No actual PDR de Galicia 2014-2020, aprobado por Decisión de Execución da Comisión C (2015) 8144, do 18 de novembro de 2015 e modificado mediante Decisión de Execución da Comisión C(2017) 5420 final, do 26 de xullo de 2017, Decisión de Execución da Comisión C (2018) 5236 final, do 30 de xullo de 2018, e por última vez por Decisión de Execución da Comisión C (2019) 1707 final, do 26 de febreiro de 2019, o Fondo Europeo da Axuda ao Desenvolvemento Rural (FEADER) inclúe na súa medida M08: Investimentos no desenvolvemento de zonas forestais e mellora da viabilidade dos bosques a submedida “8.3 – de axuda para a prevención dos danos causados aos bosques por incendios, desastres naturais e catástrofes”.



No PDR de Galicia 2014-2020 establécense como obxectivos dentro da submedida 8.3 restablecer, conserva e mellorar ecosistemas relacionados coa agricultura e a silvicultura, en concreto, nas áreas focais 4A (restaurar, preservar e mellorar a biodiversidade, en particular nas zonas Natura 2000, e nas zonas con limitacións naturais ou outras limitacións específicas e nos sistemas agrarios de gran valor natural, así como o estado das paisaxes europeas), 4B (mellora da xestión da auga; incluíndo a xestión de fertilizantes e praguicidas) e 4C (prever a erosión dos solos e mellorar a súa xestión).

Esta actuación é compatible co a media de desenvolvemento rural 8, submedida 8.3, de axuda para a prevención dos danos causados aos bosques por incendios, desastres naturais e catástrofes.

- II. Que, no marco do Convenio de Colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Consellería do Medio Rural e a Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica e a Entidade Pública Empresarial Red.es para o Desenvolvemento de Actuacións na Comunidade Autónoma de Galicia destinadas á Posta en Marcha dunha Rede de Emerxencias, Red.es contratou a subministración, instalación e posta en servizo dunha Rede de Comunicacions Móviles Dixitais de Emerxencias e Seguridade para Galicia (exp. 003/12-CD).

O contrato de subministración, instalación e posta en servizo dunha Rede de Comunicacions Móviles Dixitais de Emerxencias e Seguridade para a Comunidade Autónoma de Galicia asinado en agosto de 2013, executouse durante 2014 e, dende mediados de 2015, esta rede dixital de radiocomunicacións móbiles baseada en tecnoloxía TETRA está a ser empregada polos organismos dependentes da Xunta de Galicia con competencias en materia de seguridade e emerxencias.

A Rede Dixital de Emerxencias e Seguridade de Galicia ofrece servizos de voz e datos de alta calidade, e a súa principal vantaxe é que garante en todo momento a comunicación entre todos os organismos, evitando situacións de conxestión, saturación, colapso, etc., tan habituais nas redes de telefonía móbil convencional en situacións de grande aglomeración de persoas ou en situacións de emerxencias, permitindo intercomunicacións inmediatas entre os distintos operativos de emerxencias de Galicia, e unha coordinación moito máis áxil e efectiva en situacións nas que, pola natureza da urxencia, o tempo é un factor de máxima importancia.



Ademais, a diferenza dos sistemas convencionais, como poden ser os teléfonos móbiles, permite realizar chamadas en grupo, tanto dentro dunha mesma organización, como entre dispositivos de distintas organizacións que nun momento dado poidan estar traballando conxuntamente nunha mesma emerxencia.

Esta rede instalouse empregando as infraestruturas de telecomunicacións existentes xestionadas por Retegal, conseguindo así unha drástica redución dos custes asociados á implantación da mesma.

- III. Que, o Consello da Xunta, o 15 de maio de 2014, acordou a aprobación da posta en marcha e o modo de explotación da Rede Dixital de Emerxencias e Seguridade de Galicia. Este acordo establece que a xestión e mantemento da rede corresponderá á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, a través da empresa pública Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A.

No mesmo acordo, tamén se autorizou o uso da rede por parte de organismos públicos con competencia en materia de seguridade e emerxencia que non formen parte da Xunta de Galicia ou do sector público autonómico, dentro das posibilidades que contemple a normativa vixente en materia de telecomunicacións e competencia, dispoñendo que os organismos adheridos á Rede Dixital de Seguridade e Emerxencias de Galicia deberán asumir os custes de mantemento e explotación da rede, dos servizos a empregar e da utilización que fagan da mesma, contribuíndo en función do número de terminais dados de alta e dos servizos empregados.

- IV. Que, de conformidade co acordado polo Consello da Xunta, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, a través da resolución do 19 de xaneiro de 2015, encomenda á Sociedade Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A., a xestión, explotación e mantemento da Rede Dixital de Emerxencias e Seguridade de Galicia, segundo a planificación de despregue e características técnicas definidas nos anexos I, II e III da encomenda. Esta resolución foi modificada con posterioridade a través das resolucións do 27 de maio e do 27 de outubro de 2015, e do 27 de xuño de 2018.
- V. Que, en base aos programas de investimentos da Consellería do Medio Rural e de AMTEGA, co fin de optimizar o aproveitamento das infraestruturas e redes de comunicación públicas despregadas e a calidade do servizo prestado ás entidades e organismos con competencia en materia de seguridade e emerxencia adheridas á Rede Dixital de Emerxencias e Seguridade de



Galicia, con especial fincapé na cobertura territorial en zona de alto risco de incendios, é necesario abordar durante o ano 2020 a realización dun programa de investimentos encamiñados a estender a cobertura territorial e poboacional da Rede Dixital de Emerxencias e Seguridade de Galicia, mediante a planificación e despregamento de novas estacións radio base (ERB) e repetidores, especialmente en zonas de alto risco de incendios.

VI. Que, por razóns de eficacia, debe asinarse un acordo de colaboración coa titular da RESGAL (AMTEGA) e coa empresa pública Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A., medio propio da Xunta de Galicia que xestiona e opera a RESGAL, a realización do programa de investimentos previstos, xa que:

- a. Os traballos a desenvolver están vinculados cos traballos que ven realizando Retegal, cujas infraestruturas soportan a rede e que actúa como operador da Rede Dixital de Emerxencias e Seguridade de Galicia mesma, encargándose da súa operación e mantemento con elevados índices de continuidade de servizo.
- b. Co fin de obter unha drástica redución dos custes asociados ao despregue e implantación de novas estacións radio base e repetidores, debe de priorizarse a selección de emprazamentos e infraestruturas de telecomunicacións existentes xestionadas por Retegal.

Tendo en conta o anterior, as partes asinantes manifestan a súa vontade de colaboración e con tal finalidade, acordan subscribir o presente ACORDO con suxeición ás seguintes



## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA.- Alcance

A ampliación da cobertura territorial e poboacional da Rede Dixital de Emerxencias e Seguridade de Galicia, mediante a planificación e despregamento **dun mínimo de 3** estacións radio base (ERB) adicionais, para reducir as zonas de sombra de cobertura territorial ubicadas no ámbito territorial das parroquias determinadas como prioritarias pola Subdirección Xeral de Extinción da Dirección Xeral de Defensa do Monte.

Distrito Forestal	Concello	Denominación da estación	Coordenadas nas que se localizarán as estacións	
			X	Y
IX Lugo-Sarria	Chantada	FARO	590.394	4.719.381
XIV Verín Viana	Laza	LAZA	632.389	4.662.213
	Viana do Bolo	VIANA 3	667.663	4.666.824

Táboa 1. Localización das ERB

É preciso subliñar que, para o aproveitamento óptimo dos recursos, será imprescindible que a instalación dos novos sistemas se realice en centros de telecomunicacións de titularidade pública nos que xa se dispón de torre, caseta, acometida.

A necesidade de centros, equipos e/ou tecnoloxías adicionais formalizarase polas partes por escrito, autorizando RETEGAL a instalación e prestación das actuacións que constitúen o obxecto do presente Acordo sempre que non se produzan incompatibilidades ou interferencias radioeléctricas que afecten a outros servizos de transporte, distribución ou difusión prestados dende os ditos centros por parte de RETEGAL. A estes efectos, RETEGAL valorará a petición de novos servizos que deberán ser autorizados pola Comisión de Seguimento e ratificaranse mediante as correspondentes ADDENDAS.

### SEGUNDA.- COMPROMISOS DAS PARTES.

#### COMPROMISOS COMÚNS A TODAS AS PARTES:



Con carácter xeral, as partes obríganse a cumprir cantas disposicións comunitarias e nacionais lle resulten aplicables derivadas da natureza FEADER dos fondos que cofinancian as actuacións previstas neste acordo, así como a permitir e facilitar as auditorías e comprobacións necesarias para verificar o cumprimento da normativa aplicable.

Dentro das obrigas derivadas da cofinanciación con fondos FEADER, as partes, en especial, asumen como obrigas as seguintes:

- Obrigas de subministro de información

De conformidade ao establecido no artigo 71 do Regulamento (UE) 1305/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, as partes proporcionarán á Autoridade de Xestión, toda a información necesaria para poder realizar o seguimento e avaliación do programa.

Así mesmo, as partes teñen obriga de facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas ou no seu caso polas institucións comunitarias que llo requiran no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

- Plan de controis.

A execución das actividades obxecto do acordo está suxeita ao plan de controis establecido, de acordo coas disposicións regulamentarias prescritas para os controis dos fondos cofinanciados polo Feader, en concreto, o Regulamento de Execución (UE) nº 809/2014 da Comisión, de 17 de xullo de 2014, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) nº 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no que se refire ao sistema integrado de xestión e control, as medidas de desenvolvemento rural e a condicionalidade, e o Regulamento de Execución (UE) 2017/1242 da Comisión, de 10 de xullo de 2017, que modifica o Regulamento de Execución (UE) nº 809/2014 da Comisión, de 17 de xullo de 2014, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) nº 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no que se refire ao sistema integrado de xestión e control, as medidas de desenvolvemento rural e a condicionalidade.

As partes comprométese a colaborar na execución dos controis nos termos que se precisen pola Amtega. Igualmente aceptan someterse aos controis que legalmente procedan a cargo da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, do Consello de Contas, Tribunal de Contas e



demais órganos nacionais ou comunitarios que teñan encomendada a fiscalización e control das axudas cofinanciadas polo Feader.

Ademais, as partes levarán un sistema de contabilidade separado ou ben un código contable axeitado para todas as transaccións relativas ás operacións relacionadas coas actuacións do acordo e que son financiadas con fondos Feader.

#### - Publicidade Feader

No desenvolvemento das actuacións deberá garantirse o pleno cumprimento das obrigas establecidas na Estratexia de información e publicidade do programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020, en concreto:

- As partes deberán incluír nun lugar visible do sitio web profesional, unha breve descrición da operación cando poda establecerse un vínculo entre o obxecto do sitio web e a axuda prestada á operación, cos seus obxectivos e resultados, e destacando a axuda financeira da Unión.

- As partes deberán colocar, cando menos, un CARTEL ou unha PLACA, con información sobre o proxecto, na que se destacará a axuda financeira da Unión, nun lugar visible e nas condicións e cos requisitos especificados no punto 4 do Anexo II da citada estratexia.

### COMPROMISOS DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

A consellería do Medio Rural asume como obrigas as seguintes:

- Financiar as actuacións precisas para a mellora de cobertura da RESGAL co subministro e instalación dun mínimo de 3 ERB adicionais. As ditas actuacións estarán cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader).

- Realizar todos os controis que recolla a normativa de aplicación ao fondo FEADER en todas as actuacións cofinanciadas por este fondo.

### COMPROMISOS DA AMTEGA

A AMTEGA asume como obrigas as seguintes:



- Autorizar e coordinar tecnoloxicamente o despregamento das novas ERB para a mellora de cobertura da RESGAL, coa finalidade de garantir o emprego de tecnoloxía madura no mercado en aras a unha óptima efectividade.

- Establecer as medidas tecnolóxicas necesarias para a integración das novas ERB na RESGAL.

- Xestionar a posta a dispor, en base ás directrices corporativas, para garantir a operación do sistema por parte de RETEGAL, como se está a facer na actualidade.

- Definir os criterios que deben seguirse na posta en marcha e operación deste proxecto.

### COMPROMISOS DE RETEGAL.

RETEGAL asume como obrigas as seguintes:

- Levar a cabo a instalación, mantemento e operación técnica dos elementos tecnolóxicos necesarios.

- Cumprir os criterios que a AMTEGA, na súa condición de coordinador tecnolóxico do proxecto, poida establecer.

- Facilitar o albergamento en torre con acceso ao punto de enerxía e a conectividade necesaria no mínimo de 3 centros que se definan.

- Achegar á Consellería de Medio Rural e á Amtega a documentación xustificativa das actuacións realizadas e servizos prestados ao abeiro do presente acordo.

### **TERCEIRA.- RÉXIME PATRIMONIAL**

A titularidade das infraestruturas e redes obxecto deste acordo é pública, formando parte do patrimonio da Xunta de Galicia, sendo xestionadas polo operador público de telecomunicacións RETEGAL. O equipamento adquirido como obxecto do presente acordo quedará a titularidade da Consellería do Medio Rural, aínda que será xestionado e operado por Retegal no marco da resolución do 19 de xaneiro de 2015, pola que se encomenda á Sociedade Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A., a xestión, explotación e mantemento da Rede Dixital de Emerxencias e Seguridade de Galicia.



As ditas infraestruturas e redes estarán aseguradas polas pólizas que ao efecto teña contratadas a Xunta de Galicia.

#### **CUARTA.- MEDIOS HUMANOS E MATERIAIS**

RETEGAL, co obxecto de garantir a adecuada execución das actuacións deste acordo, comprométese a asumir a súa dirección, debendo proceder, en consecuencia á asignación de medios humanos e materiais que sexan necesarios e, no seu caso, a subcontratación dos servizos precisos para levar a cabo as actuacións establecidas no presente acordo.

No caso de cesión de datos, a entidade subcontratada cumprirá as esixencias do Lei de Protección de datos, adoptándose tanto as medidas de seguridade técnicas como organizativas.

RETEGAL deberá contar, cos medios propios necesarios para poder realizar as actividades previstas neste acordo, podendo realizar as adquisicións e encargar os servizos externos necesarios para lograr os obxectivos establecidos, sempre e cando non conte cos medios precisos para levalos a cabo.

Os contratos que deba celebrar RETEGAL para a realización dos traballos obxecto do presente Acordo quedarán sometidos á LCSP, nos termos que sexan procedentes de acordo coa natureza da entidade que os celebra e ao tipo e contía dos mesmos.

Segundo o establecido no artigo 16 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, recóllese no presente acordo a posibilidade de contratación nalgũa modalidade de actuación no financiamento conxunto de contratos para a satisfacción dunha finalidade común, e que deberá recollerse nos pregos da contratación.

Neste caso e segundo o artigo 16.b), o órgano de contratación designado, ademais da tramitación e adxudicación do contrato asumirá, conforme aos acordos ou convenios formalizados, a constitución do vínculo contractual e o seu pagamento con cargo aos seus propios orzamentos, previa dotación neles, no seu caso, das cantidades aportadas polo resto de órganos interesados na contratación, sen que poida escusarse polos eventuais incumprimentos destes.

RETEGAL ten a consideración de poder adxudicador, de acordo co establecido no artigo 49 da Lofaxga.



## QUINTA.- FINANCIAMENTO

Este convenio ten carácter de convenio de colaboración público-privada con financiación asumida polo sector público nos seguintes termos.

O orzamento a que se refire o presente acordo ascende á cantidade máxima de **CATROCENTOS MIL EUROS (400.000,00-€)**, cantidade destinada a sufragar os gastos derivados das actuacións que constitúen o obxecto do presente acordo.

O financiamento deste acordo ata o referido importe máximo realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 14.02.551B 626.1, código de proxecto 2016 00212 dos orzamentos da Consellería do Medio Rural, coa seguinte distribución:

Aplicación	Cofinanciación	2020	2021
14.02.551B 626.1  Código de proxecto: 2016 00212	FEADER (75%)	228.750,00	71.250,00
	MAPA (7,5%)	22.875,00	7.125,00
	XUNTA (17,5%)	53.375,00	16.625,00
	<b>TOTAL</b>	<b>305.000,00</b>	<b>95.000,00</b>

As actuacións correspondentes á instalación inicial están cofinanciadas nun 75 % polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), nun 7,5 % polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e nun 17,5 % pola Xunta de Galicia, no marco da submedida 8.3, “axudas para a prevención dos danos causados aos bosques por incendios, desastres naturais e catástrofes”.

Este acordo non presenta unha estrutura de carácter oneroso, polo que Redes de Telecomunicación Galegas Retegal S.A., percibirá unicamente os importes estipulados anteriormente para cada anualidade previa xustificación das tarefas executadas e gasto realizado, e certificación da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia de que as actuacións se realizaron conforme co establecido no acordo.

Ao remate de cada anualidade, Retegal emitirá factura polo importe dos traballos executados e debidamente acreditados correspondentes á mesma.



## **SEXTA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO**

Para a posta en marcha e o control de actividades que se realicen en aplicación do presente acordo, constituirase unha Comisión de Seguimento que se reunirá, polo menos, unha vez ao ano, así como cando o solicite unha das partes, constituída do seguinte xeito:

Pola consellería do Medio Rural:

- O director xeral de Defensa do Monte ou persoa en quen delegue/que a substitúa.
- O subdirector xeral de Extinción ou persoa en quen delegue/que a substitúa.

Pola AMTEGA:

- A directora da Amtega, ou persoa en quen delegue.
- O director da área de Infraestruturas e Telecomunicacións ou persoa que o substitúa.

Por RETEGAL:

- O director xerente de RETEGAL, ou persoa que o substitúa.
- O director técnico de RETEGAL, ou persoa que o substitúa.

Exercerá a Presidencia da Comisión de Seguimento a directora da Amtega ou persoa en quen delegue e actuará como secretario da Comisión, con voz pero sen voto, un funcionario da AMTEGA cun nivel mínimo de xefe de servizo.

Ao final de cada anualidade a comisión de seguimento xerará un informe de estado e cumprimento anual do obxecto do presente Acordo.

Adicionalmente, a Comisión de Seguimento resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que deriven do acordo, poderá propoñer melloras e modificar as actuacións previstas, tras o consentimento das partes e sempre que non supoñan unha alteración substancial do obxecto deste acordo. Calquera modificación que se acorde neste sentido deberá reflectirse por escrito nunha Addenda que se someterá á sinatura dos seus membros.

## **SÉTIMA.- DURACIÓN DO ACORDO E PRÓRROGA**



O presente acordo terá unha duración inicial de 2 anos, sen prexuízo da súa prórroga expresa ata un máximo de 2 anos adicionais, formalizada con antelación á finalización do período correspondente.

## **OITAVA.- RESOLUCIÓN**

O presente acordo resolverase por:

- Incumprimento das cláusulas que o regulan.
- Transcurso do tempo estipulado.
- Mutuo acordo das partes asinantes.
- Calquera outras causas de resolución previstas no ordenamento xurídico.

## **NOVENA.- MODIFICACIÓN**

Este acordo poderá ser modificado por acordo das partes, a través da formalización da correspondente Addenda.

Segundo o establecido no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, este acordo tamén poderá ser obxecto de modificación cando teña como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. As ditas eventuais modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución

## **DÉCIMA.- PROTECCIÓN DE DATOS**

As partes asinantes obríganse ao cumprimento da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais (en diante a LOPD), do Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da LOPD, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

## **DÉCIMO PRIMEIRA.- INEXISTENCIA DE RELACIÓN LABORAL**

A subscrición do presente acordo non implicará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais de Retegal que realicen as actividades obxecto deste acordo e a consellería do Medio Rural e a AMTEGA.



## **DÉCIMO SEGUNDA.- NATUREZA DO ACORDO**

O presente acordo ten natureza administrativa e rexeráse polas normas de dereito administrativo aplicable, ou no seu defecto polas derivadas de dereito privado. As cuestións litixiosas que xurdan entre as partes durante o desenvolvemento e execución do presente Acordo e non poidan ser resoltas pola Comisión de Seguimento prevista na cláusula quinta, resolveranse nos termos previstos no artigo 13 da Lei 16/2010, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, para los conflitos de atribucións.

## **DÉCIMO TERCEIRA.- PUBLICIDADE**

As partes deste acordo consenten expresamente a inclusión dos datos persoais e do resto das especificación contidas nel, nos rexistros públicos que proceda, de acordo co disposto no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia e no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

Este acordo de colaboración será obxecto de publicidade na páxina web de cada unha das partes asinantes, con expresión das súa contía e finalidade, de acordo co disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e boas prácticas (DOG núm. 30, do 15 de febreiro) e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG núm. 149, do 3 de agosto). Neste sentido, as partes asinantes prestan expresamente o seu consentimento para que se lle dea ao presente acordo a publicidade esixida.

En proba de conformidade, asinan o presente acordo de colaboración por cuadruplicado no lugar e data indicados no encabezamento.

O conselleiro do Medio Rural

A directora da AMTEGA

José González Vázquez

M<sup>a</sup> del Mar Pereira Álvarez



O director xerente de RETEGAL

Miguel Rodríguez Quelle

